



Despois do acordo sobre Gaza, non se deterá a guerra en Ucraína

Description

Ante a perspectiva de que quedasen masacrados todos os gazatenses, as dúas partes do conflito accederon ao deal (acordo) do líder norteamericano: detense as hostilidades, libéranse as poucas decenas de reféns sobreviventes contra dous mil de terroristas apresados, que recibían amnistía se deixaban de pelexar, e Hamás e outras faccións armadas renunciarían a calquera papel no goberno de Gaza. Con isto pode considerarse exitosa a primeira fase do plan de 20 puntos de Trump, quen o celebrou no cume internacional en Sharm el Sheikh no cal, xunto parte dos garantes EE. UU., Exipto, Turquía, Qatar, incluíuse a UE, a ONU, e países como España, Francia, Alemaña, Arabia Saudita etc. e declaraban o seu respaldo ao cesamento do fogo e a súa decisión de garantir a continuidade e aplicación da primeira fase. A realización do resto do plan non se ve moi segura e non prevén bases reais para a coexistencia pacífica dos árabes e xudeus naquelas terras, en primeiro termo, a creación dun Estado de árabes palestinos.

No caso de Ucraína, a liña de Trump para conseguir un acordo que as dúas partes acepten por conveniencia situacional, sen tomar en consideración nin a xustiza nin o dereito internacional nin outros principios alleos ao negocio, non funciona. A diferenza do que conseguiu co seu amigo Bibi (Netanyahu), non lle deu resultado con Putin, con quen conversa dándolle a entender que lle ve como a un político respectable pola súa forza e non como un agresor criminal que quere cambiar a orde mundial á súa talla e negar o dereito de Ucraína a existir como unha nación e Estado soberano. Cada contacto entre Trump e Putin é interpretado por este último como un novo recoñecemento da súa forza, que lle concede permiso ou tolerancia para seguir violando o dereito internacional. Segue destruindo a Ucraína e a súa xente, sen prestar atención ás queixas de Trump sobre o moito que lle decepciona, ou talvez utilizándoa como acompañamento para o seu descaro. O que alenta a Putin a escalar máis é que o presidente norteamericano, para non agravar a situación ou non implicar ao seu país ou calquera que sexa outra razón, abstense de tomar medidas que castiguen ou presionen ao agresor ruso, en cambio, tomou medidas bastante concretas para restrinxir a axuda a Ucraína, mesmo despois de convertela nun negocio beneficioso para EE.UU.: agora, se Ucraína quere recibir algo de Estados Unidos para as súas necesidades de defensa, tócanlle que compre os socios europeos para a OTAN e logo a alianza entregarao ao destinatario. Unha vía absolutamente ineficiente: todo se fai máis lento, pendente de liquidez dispoñible, da toma de decisións a múltiples niveis.

Foi un logro excepcional o feito de producirse dúas conversacións telefónicas entre os mandatarios ucraíno e norteamericano esta fin de semana pasada, cando o último estaba inmerso na preparación da firma do acordo sobre o cesamento do fogo en Gaza que, segundo D. Trump, debe verse como a culminación dunha situación que se arrastra desde hai nada menos que 3000 anos. Partindo cara a Oriente Medio, o presidente Trump advertiu a Rusia que se a guerra en Ucraína non terminaba, podería autorizar o envío destes mísiles de longo alcance a Kiev e matizou que o simple feito de mencionalo xa servía como unha advertencia para o Kremlin. O tema abordábase con máis detalles na reunión

dos presidentes EE. UU.-Ucráña o venres, 17.

A advertencia foi tomada polo Kremlin como pretexto para deixar claro que seguirán destruindo a Ucráña e ameazar a máis países do leste europeo e máis alí, á vez culpando a EE.UU. de querer dar un paso significativo cara a un novo nivel de escalada e unha escalada sen precedentes. En resumo, o Kremlin avisou que a entrega de Tomahawks, que poden levar oxivas nucleares, será unha liña vermella que escalará a confrontación a un nivel moito máis serio. Insinuouse que os ucraínos non dispoñen de persoal preparado para iso, polo que os mísiles serán operados por norteamericanos. En todo caso, Ucráña non obterá ningunha vantaxe decisiva no campo de batalla. Noutras palabras, que os rusos seguirán a súa campaña militar ata lograr os seus obxectivos sen reparar nas advertencias da Casa Branca. Non se ve ningunha posibilidade de que Putin faga caso ao chamado "Stop, Vladímir" que lle fixo Trump e este último outárguese o mérito de deter unha guerra máis despois de Gaza.

A reunión do Grupo de Contacto de Defensa de Ucráña (coñecido como formato Ramstein) que tivo lugar esta semana na sede da OTAN en Bruxelas, daba conta de que a guerra de Ucráña á durar máis e non descartaba a posibilidade de que se expanda aínda máis. A reunión centrouse na necesidade urxente de reforzar a defensa aérea de Ucráña contra os drones e mísiles rusos, que tendo en conta as recentes provocacións con drones en varios países europeos, tamén é unha materia pendente en todo o continente. Discutiuse a necesidade de proporcionar a Ucráña maior capacidade para atacar obxectivos dentro de territorio ruso (como infraestrutura enerxética e fábricas de armas). O tema está ligado á compra dos mísiles Tomahawk, aínda cando a cantidade prometida non é suficiente para armar unha batería eficaz, non hai persoal ucraíno adestrado para operalos nin plataformas para o lanzamento desde terra destes mísiles deseñados para ser lanzados desde buques e submarinos.

Ata o de agora, Putin non logrou ningún dos obxectivos fixados para a súa operación militar especial na súa totalidade, pero si logrou convertela nunha guerra de desgaste, que será pola correlación numérica pode acabar fatalmente para Ucráña, e a través de "idiotas útiles" en todo o mundo segue alimentando a ilusión de que poderán quedar a salvo, se lle permiten esnaquizar a Ucráña.

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Europa

ETIQUETAS

Guerras Ucráña

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created

Outubro 17, 2025

Meta Fields

Autoría : 12106